

EVGENII I. ZAMIATIN

Nós

Traducido por Elena Sherevera e Lourenzo Maroño



Hugin e Munin

Nota 1

Resumo: O anuncio. A máis sabia de todas as liñas. O poema.

Limítome a copiar, palabra por palabra, o que aparece publicado hoxe no *Xornal Estatal*.

Dentro de 120 días finalizará a construción do INTEGRAL. Achégase a grande hora histórica na que o primeiro INTEGRAL se alce ao espazo exterior. Hai mil anos, os seus heroicos devanceiros someteron a esfera terrestre ao poder do Estado Único. Agarda por vostedes unha fazaña aínda máis gloriosa: conseguir integrar a ecuación infinita do Universo por medio deste INTEGRAL vítreo, eléctrico e ignívomo. Terán que someter ao xugo benéfico da razón os seres descoñecidos que habitan outros planetas, talvez aínda nun estado salvaxe de liberdade. Se non comprenden que lles levamos a felicidade matematicamente infalible, o noso deber é obrígalos a ser felices. Pero antes das armas, probaremos coa palabra.

En nome do Benfeitor, anúnciaselles a todos os números do Estado Único:

Todo aquel que se sinta capacitado, está obrigado a redactar tratados, poemas, manifestos,

odas ou outras composicións sobre a beleza e a grandeza do Estado Único.

Este será o primeiro cargamento que transporte o INTEGRAL.

Viva o Estado Único! Vivan os números! Viva o Benfeitor!

Mentres escribo, sinto como me arden as meixelas. É dicir, integrar a grandiosa ecuación do Universo. É dicir, desfacer esa salvaxe curva, endereitala pola tanxente –a asíntota– seguindo a recta. Porque a liña do Estado Único é a recta. Unha recta grandiosa, divina, exacta e sabia, a máis sabia de todas as liñas...

Eu, D-503, o construtor do *Integral*, non son máis ca un dos matemáticos do Estado Único. A miña pluma, afeita ás cifras, é incapaz de crear música a partir de asonancias e rimas. Tan só vou intentar anotar o que vexo e o que penso, ou, mellor dito, o que nós pensamos (xusto así: nós, e que este NÓS sexa o título que encabece as miñas notas). E como se converterá na deriva da nosa vida, da vida matematicamente perfecta do Estado Único, acaso non será de seu un poema, independente da miña vontade? Serao. Confío en que si, seino.

Mentres escribo, sinto como me arden as meixelas. É probable que se pareza ao que experimenta unha muller cando, por primeira vez, percibe nas entrañas o pulso dun novo ser, aínda diminuto e cego. Son eu e, asemade, non son eu. E terei que nutrilo cos meus zumes, co meu sangue, durante moitos meses, para despois arrancalo de min entre dores e poñelo aos pés do Estado Único.

Pero estou preparado, igual que cada un, ou case cada un, de nós. Estou preparado.

